

APRENDE COAS MULLERES GALEGAS

actividades



ÁNGELES ALVARIÑO

(Serantes, Ferrol 1939 - La Jolla, California 2006)

Foi unha científica galega
de recoñecemento internacional.

Os seus traballos tiveron
especial relevancia e aplicación
na oceanografía
e na bioloxía mariña.

Ilustracións: Tania Solla
Textos: Polo Correo do Vento

Estudou Ciencias Naturais en Madrid e impartiu clases en diversos institutos de Ferrol. Obtivo unha praza para traballar no IEO (Instituto Español de Oceanografía), e acadou unha bolsa do Consello Británico para estudar no Laboratorio de Plymouth e tamén a bolsa Fullbright para investigar na Institución Oceanográfica de Woods Hole en Massachusetts. Finalmente, conseguirá unha praza no Instituto Scripps de Oceanografía en La Jolla, California. Viaxou por todo o mundo realizando investigacións, descubriu 22 especies novas de zooplacto, escribiu varios libros e máis dun cento de artigos científicos, e seguiu dando conferencias e investigando incluso despois da súa xubilación.

Sabías que
 Ángeles Alvariño
 foi a primeira muller
 en viaxar como científica
 nun buque de
 investigación británico?

MULLERES GALEGAS

investiga

Ángeles Alvariño viaxou a bordo do buque *Sarsia* en 1954 nunha expedición polo Mar do Norte e realizou importantes estudos sobre o **zooplacto** (esenciais para coñecer as temperaturas mariñas) e sobre as **larvas da sardiña** (moi importantes para a pesca).



REFLEXIONA, INVESTIGA E REDACTA:

Nomea as mulleres científicas que atopas ou coñezas,
 e indica cal é o seu labor.


Ángeles Alvariño
foi dende nena
unha amante
da natureza.

MULLERES GALEGAS

colorea




Tamén foi unha grande afeccionada ao debuxo e á fotografía,
actividades que empregou acotío na súa vida profesional.



MULLERES GALEGAS

sopa de letras

Atopa 7 palabras relacionadas co mundo do mar.




Ao remate, redacta un texto no que aparezan as 7 palabras e que tamén inclúa a Ángeles Alvariño.

Sabías que
 Ángeles Alvariño
 participou en varias
 expedicións científicas nas
 que visitou a Antártida?

MULLERES GALEGAS

sinala



SINALA os océanos no mapa:
 OCÉANO ATLÁNTICO - OCÉANO ÍNDICO - OCÉANO ÁRTICO
 OCÉANO PACÍFICO - OCÉANO ANTÁRTICO


A cada especie nova
dáballe un nome
no que homenaxeaba
alguén importante
para ela.

MULLERES GALEGAS

debuxa

DEBUXA
UNHA ESPECIE NOVA
E PONLLE UN NOME.

ZOOPLACTO: son organismos
de orixe animal, normalmente de
tamaño microscópico, que viven na auga
aboiando e son arrastrados polas correntes.



Comproba
as túas
actividades.

MULLERES GALEGAS

solucionada

